

# MAREA PONTEVEDRA

## REGULAMENTO PARA ELIXIR A CANDIDATURA MUNICIPAL E A PERSOA QUE A ENCABECE

### **Obxectivos:**

Marea Pontevedra nace para reforzar os mecanismos democráticos, como garantía dunha maior participación popular na política, e para poñer en marcha prácticas de goberno aberto na institución municipal.

Cómpre, xa que logo, facilitar que a cidadanía se involucre na xestión diaria do concello mediante redes colaborativas de achegamento cidadán. Mais tamén é necesario dotármonos de estruturas políticas participativas, abertas e reflexivas que permitan que a cidadanía elixa, do xeito máis democrático e formado posible, aos que serán os seus representantes políticos.

Marea Pontevedra presenta, por iso, un innovador proceso para elixir a candidatura polo conxunto da base social que se identifique co seu proxecto para o cambio, recoñecendo que pode haber distintas maneiras de entender a concreción política disto; o cal leva directamente á necesidade de elixir as persoas máis idóneas para a súa representación.

### **Duración:**

Este regulamento de elección da candidatura vai alén do momento de confección da lista. A representación exerce sobre a totalidade do mandato, e iso obriga a establecer mecanismos de retro-alimentación permanente entre as persoas elixidas para o concello e a súa base. Estes mecanismos poderían supoñer a esixencia explícita do abandono da representación no caso de manifesta perda de confianza.

### **Eixes:**

1. O mandato representativo pertence aos electores, cos que quedan comprometidos os seus representantes.
2. A participación cidadá é un proceso permanente e non unha delegación absoluta para un período de tempo.
3. As persoas que queiran exercer o mandato representativo deberán comprometerse coas condicións establecidas neste regulamento e asinar o Código Ético da Marea.

## **1. Proceso electoral**

A dirección do proceso electoral e todas as cuestións relacionadas con el correspóndelle á Asemblea de Marea Pontevedra, que delegará o seu desenvolvemento nunha Comisión Electoral creada especificamente para esta misión conformada por tres persoas.

As persoas candidatas á cabeza de lista terán dereito a nomear un representante para formar parte da comisión electoral.

As súas actas serán públicas e divulgaranse polos medios habituais de comunicación da Marea.

A comisión electoral garantirá o anonimato dos avais das persoas candidatas.

## **2. Censo electoral**

Forman parte do censo electoral os membros de Marea Pontevedra con arraigo (familiar, de residencia ou laboral) no concello e mais calquera residente en Pontevedra que queira participar na votación, co único requisito de inscribirse expresa e previamente.

O período de inscrición no censo abrirase 14 días antes da data escollida pola Asemblea para a votación en urna, e pecharase a véspera da primeira xornada de votación (electrónica).

## **3. Persoas candidatas á lista municipal e á alcaldía do concello**

O período de presentación de persoas candidatas iniciárase o mesmo día ca o de inscrición no censo, pero terá unha duración de só 7 días, rematando unha semana antes da votación en urna.

Calquera persoa maior de idade con arraigo en Pontevedra poderá postularse ou ser postulada para formar parte da lista electoral e/ou ocupar a súa cabeceira como candidato á alcaldía. No caso das persoas candidatas a encabezar a lista deberán contar, polo menos, co apoio de 10 membros da Marea. En cambio, as persoas candidatas para formar parte do resto da lista só necesitarán 3 avais. Secasí, non se poderá promover a ninguén que non dea a súa autorización expresa e un mesmo membro da Marea non poderá prestar apoio a un número de candidatos superior a 20.

Cando a Marea conclúa de xeito aberto e participativo a elaboración do seu programa, e tras a súa aprobación definitiva pola Asemblea, ese programa obrigará os candidatos, que deben concretar os medios cos que propoñen darlle o máximo e mellor espallamento no ámbito de actuación da Marea, o concello de Pontevedra.

## **4. Campaña electoral**

O período de campaña desenvolverase en paralelo ó proceso de inscrición para o censo. Terá, por tanto, unha duración de 11 días, ata a véspera da primeira xornada de votación virtual.

Marea Pontevedra garantirá, en todo caso, espazos nas súas canles de comunicación para cada unha das persoas participantes en réxime de absoluta igualdade. Os medios a disposición das persoas candidatas serán, como mínimo: locais de uso público, páxina web, páxina de facebook e lista de distribución de correo. En ningún caso se permitirá o envío de propaganda electoral aos enderezos das persoas afiliadas ou inscritas, que só poderán recibir comunicacións oficiais animando á participación.

Ningunha persoa candidata poderá promover unha campaña paralela, con medios diferentes aos dispostos pola Marea. Quedan expresamente prohibidos os orzamentos particulares para divulgar ou promover candidaturas.

Cada candidato poderá realizar os actos públicos que estime oportunos. Entre os que se postulen para encabezar a lista haberá, polo menos, un encontro-presentación-debate, público e aberto á prensa, e as persoas candidatas deberán asinar nel o Código Ético da Marea.

## **5. Sistema de votación**

A Asemblea de Marea Pontevedra convocará unha xornada electoral presencial cunha duración de oito horas, entre as 10am as 6pm. Para as persoas que non poidan exercer o voto nesa xornada habilitarase, inmediatamente antes, tres xornadas de voto electrónico, que rematará o día anterior ao voto en urna. Haberá dúas votacións, con dous tipos de papeletas:

- Nas primeiras papeletas figurarán os nomes das persoas que se presenten para encabezar a lista, como candidato de Marea Pontevedra á alcaldía da cidade. Neste caso, cada elector deberá elixir un único nome.

- Nas segundas papeletas figurarán os nomes de todas as persoas que opten ao resto dos postos da candidatura, ordenadas alfabeticamente e comezando pola letra que se determine por sorteo. Cada inscrito no censo electoral poderá elixir un número de candidatos que non exceda de 6, para evitar que un mesmo grupo organizado poida monopolizar a totalidade da lista (25 membros).

O voto poderase emitir en urna ou por medios electrónicos, e para facelo cómpre acreditar a identidade, co DNI ou cun documento legalmente substitutivo.

### **a) Votación en urna:**

A comisión electoral habilitará un local e a votación será pública e estará aberta a calquera persoa interesada en seguila. Na mesa electoral haberá un mínimo de tres persoas designadas pola propia comisión electoral (presidencia, secretaría e axudante). Ademais, poderán formar parte das mesas electorais todas as persoas que o soliciten anticipadamente, incluíndo un representante de cada persoa candidata á alcalde. O escrutinio realizarano os tres membros da mesa, e tamén será público para todas as

persoas presentes no momento de pechar a votación

b) Votación electrónica:

Habilitarase un sistema que, igual que en urna, requirirá que quede debidamente acreditada a identidade de quen emite o voto. A votación electrónica poderá estenderse entre as 0am de tres días antes da xornada presencial e as 7pm da xornada anterior. En todos os casos estará garantida a confidencialidade dos datos dos votantes.

## **6. Escrutinio e publicación dos resultados**

Rematadas as votacións, a comisión electoral realizará o recuento dos votos emitidos na mesa, sumaralles os resultados da votación electrónica, e redactará unha acta. Esta acta seralle comunicada inmediatamente á coordinadora da Marea, para que o seu portavoz faga públicos os resultados por todos os medios dispoñibles.

## **7. Proclamación da candidatura municipal**

Finalizado e publicado o escrutinio, a comisión electoral confeccionará a candidatura segundo os seguintes criterios:

1- Candidato/a á alcaldía:

A persoa máis votada entre as que figuraban nas primeiras papeletas, sempre que supere o 40 por cento dos votos emitidos. Se non é así, haberá unha segunda volta entre as dúas persoas máis votadas unha semana despois.

2- Postos a partir do número dous da candidatura:

a) Na orde rexerá o número de votos recibidos, de maior a menor e ata completar o total de postos, titulares e suplentes, que deberán conformar a candidatura.

b) En calquera caso, haberá que axustar o resultado ao criterio corrector da paridade entre xéneros para elaborar unha lista 'cremalleira'.

c) No caso de empates que se manteñan despois da aplicación deste criterio, a posición resolverase segundo a orde alfabética con que ían na papeleta.

d) De non cubrirse todos os postos da lista será a asemblea da Marea a que completara as vacantes.

## **8. Renuncias**

No caso de que algunha das persoas elixidas renuncie ao seu posto antes da presentación da candidatura no Rexistro correspondente, este cubrirase segundo os criterios xerais establecidos no punto 7.